

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN,  
OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO DO CAMPAMENTO DE  
VERÁN 2021**

Nome e apelidos do neno/a participante (menor):

DNI:  Data de nacemento:

Nome e apelidos do proxenitor/a ou titor/titora:

DNI:

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE**

- Declaro que a familia do/a participante coñece os síntomas compatibles coa Covid-19 e non enviarán aos nenos/as participantes á actividade no caso de ter síntomas.
- Declaro que a persoa participante non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- Comprométome a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

**DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES** (*marcar no caso de ser ou convivir con PERSOA VULNERABLE: persoa maior de 60 anos/ persoa diagnosticada de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afeccións médicas anteriores*).

- Sendo, a persoa participante, persoa vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

**ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE AO COVID-19**

- Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

**DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN  
SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19**

- Declaro que recibín e lin a información de adecuación da actividade ao COVID-19 da entidade responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

**CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE COVID-19**

Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

Aconséllase ás persoas participantes e ás persoas proxenitoras ou titoras de participantes menores a consulta dos titoriais do SERGAS dispoñibles neste enlace:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Recomendacions-sobre-coronavirus>

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/home.htm>

E na proba de aceptación e conformidade, asino o presente documento en

Rianxo, a  de  de 2021.

Asinado:

Proxenitor/a ou titor/titora

---